

NÚMEROS DECIMAIIS: PROBLEMAS

- 1) Roberto mide 1'56 m, María 0'28 m máis e Rosa 0'13 m menos ca María. Canto mide Rosa?
- 2) Se o aceite está a 3'15 € o litro, canto custará unha botella de 0'75 litros?
- 3) A sandía está a 68 céntimos o quilo. Canto pagamos por unha sandía de 3'750 kg?
- 4) Se o melón está a 1'90 € o quilo, canto pagamos por un melón de 2'480 kg?
- 5) Manuel merca 2'6 kg de mazás que valen 1'35 € o quilo. Canto paga?
- 6) Se merco 850 g de uvas que custan 2'80 € o quilo, canto pago?
- 7) Fago a seguinte compra:
 - cinco caixas de leite a 1'05 € a caixa
 - 0'92 kg de peixe a 13'25 €/kg
 - un cuarto de quilo de xamón a 38'40 €/kgCanto teño que pagar?
- 8) Un paquete con seis botes de refresco pesa 2'07 kg. Canto pesa cada bote?
- 9) Un modisto merca unha peza de tea de 25 m por 211 €. A como paga o metro?
- 10) Se un litro de aceite custa 3'04 €, cantos litros leva unha garrafa que custa 18'24 €?
- 11) Se o queixo está a 12'50 € o quilo, canto podo mercar con 8 €?
- 12) Cunha cinta de 20 m facemos 25 lazos iguais. Canto mide o anaco de cinta que leva un lazo?
- 13) Unha pescada de quilo e cuarto custou 15'75 €. A como está o quilo? E canto custará outra pescada de 1'4 kg?
- 14) Catro cuncas pesan o mesmo ca cinco vasos. Se cada cunca pesa 0'115 kg, canto pesa cada vaso?
- 15) Cantos litros de perfume se necesitan para encher 1000 frascos de 33 mililitros?